# Universidade de Vigo



| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Educación de persoas adultas** | | | | |
| Materia | Educación de persoas adultas | | | |
| Código | O05G130V01401 | | | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Seoane Pérez, Emilia | | | |
| Profesorado | Seoane Pérez, Emilia | | | |
| Correo-e | emiliasp@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa |
| A2 | Estar capacitado/a para o diagnostico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas |
| A4 | Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos |
| A6 | Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B2 | Planificación e organización |
| B12 | Compromiso ético |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Analizar e comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional. | A6 | |
| Comprender, analizar, sintetizar e aplicar os conceptos e os procesos básicos da materia. | A2<br>A4 | |
| Coñecer os factores (sociais, políticos, económicos...) que teñen estado na base dos problemas sociais asociados cos campos da intervención socioeducativa (pobreza, marxinación, abandono, exclusión, desadaptación social...), en especial no relativo aos grupos sociais máis vulnerables: infancia-xuventude, muller, maiores, así como as clases sociais máis desfavorecidas. | A1 | |
| Coñecer os supostos teóricos, histórico-pedagóxicos, culturais, políticos e lexislativos que estean na base dos procesos de intervención. | A1 | |
| Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas, pedagóxicas, lexislativas e políticas implícitas nos procesos de intervención socioeducativa. | A2<br>A6 | B12 |
| Coñecer as institucións que ao longo da historia dos últimos séculos teñen desenvolvido intervencións de carácter socioeducativo. | A6 | |
| Coñecer e analizar, con sentido crítico, as estratexias de intervención sociocultural desenvolvidas no marco das políticas sociais dos estados modernos. | A6 | B1 |
| Deseñar e realizar traballos escritos de carácter histórico aplicando o método histórico (de carácter xenealóxico) e empregando distintas fontes documentais. | | B2 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| 1-Aproximación histórica e conceptual á educación de persoas adultas. | . |
| 2-Obxectivos e ámbitos da educación de persoas adultas. | . |
| 3-Adultez e aprendizaxe. | . |
| 4-Políticas e medidas para o desenvolvemento da educación de persoas adultas en Europa. | . |
| 5-A educación de persoas adultas nos sistemas educactivos do Estado español. | . |
| 6-Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos | . |
| 7-Ofertas educativas actuais para/con persoas adultas. | . |
| 8-Necesidades educativas emerxentes con persoas adultas. | . |
| 9-Recursos e modalidades de educación de persoas adultas. | . |

| Planificación | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Traballos tutelados | 10 | 40 | 50 |
| Presentacións/exposicións | 20 | 40 | 60 |
| Sesión maxistral | 8 | 0 | 8 |
| Seminarios | 2 | 1 | 3 |
| Cartafol/dossier | 6 | 10 | 16 |
| Probas de resposta curta | 3 | 10 | 13 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|---|
| | Descrición |
| Traballos tutelados | O estudante, de maneira individual e en pequenos grupos, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... |
| Presentacións/exposicións | Presentación e exposición por parte do alumnado de traballos individuais e grupais tutelados pola profesora. O alumnado manterá entrevistas coa profesora da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Seminarios | Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Complementarán as clases teóricas. |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballos tutelados | Seguimento do traballo realizado polo alumnado, da súa implicación e participación nas diferentes actividades e tarefas propostas. Asesoramento e atención personalizada ao alumnado, grupal e individualmente, presencialmente, pola plataforma faitic e por correo electrónico. |
| Presentacións/exposicións | Seguimento do traballo realizado polo alumnado, da súa implicación e participación nas diferentes actividades e tarefas propostas. Asesoramento e atención personalizada ao alumnado, grupal e individualmente, presencialmente, pola plataforma faitic e por correo electrónico. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Cartafol/dossier | Seguimento do traballo realizado polo alumnado, da súa implicación e participación nas diferentes actividades e tarefas propostas. Asesoramento e atención personalizada ao alumnado, grupal e individualmente, presencialmente, pola plataforma faitic e por correo electrónico. |

| Avaliación | | |
|---|---|---|
| | Descrición | Cualificación |

| | | |
|---|---|---|
| Traballos tutelados | Cada alumna/o realizará un traballo individual de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora e coa posterior defensa e explicación ante a profesora nas sesións titoriais. | 30 |
| Presentacións/exposicións | Cada grupo pequeno de alumnado (3 a 5 persoas), realizará un traballo grupal de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora e coa posterior presentación/exposición á clase por parte de cada grupo. | 30 |
| Cartafol/dossier | Cada alumna/o elaborará un documento que recompile información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación. | 10 |
| Probas de resposta curta | Proba para avaliar os coñecementos adquiridos, onde se inclúen preguntas de resposta curta sobre a temática da materia. | 30 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

1. As cualificacións indicadas en termos porcentuais no cadro *supra* son as máximas que se poden acadar en cada un dos apartados.
2. O sistema de avaliación referenciado *supra*, está dirixido ao alumnado de carácter presencial. É requisisto imprescindible para ser considerado alumno presencial, a asistencia e a participación mínima nun 80% das clases do grupo-clase e a asistencia nun 80% ás clases de grupo mediano(GM).
3. Para superar a materia, o alumnado presencial deberá superar todas as probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada un dos aspectos avaliables.
4. Considerarase alumnado non presencial aquel que non cumpra o 80%da asitencia especificada no punto nº 1 ou aquel que opte por esta modalidade, sempre e cando llo comunique á profesora na primeira quincena de impartición da materia.
5. O sistema de avaliaión para o alumnado non presencial consistirá nunha proba escrita de resposta curta (cunha valoración máxima do 80%) e nun traballo individual tutelado (cunha valoración máxima do20%)pola profesora e definido en base aos contidos e obxectivos da materia.
6. Para superar a materia, o alumnado non presencial deberá superar as dúas probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha delas.
7. EXAMES:Data do exame 11 maio 2015 e data revisión 9 xuño 2015. Convocatoria xullo: Data do exame 29 xuño 2015 e data revisión 16 xullo 2015

- Segunda convocatoria (xullo): Se manteñen as competencias/probas superadas e só se examinarán das non superadas.

## Bibliografía. Fontes de información

**Bibliografía e outros materiais.**

**Outra bibliografía e recursos:**


SEOANE PÉREZ, E. (1997): **Las teorías transversales versus teorías longitudinales en el aprendizaje de adultos** en Curso de Enseñanza no reglada baixo o título Educación de Adultos: Situación y perspectivas de cara al siglo XXI, organizado polo Centro Asociado da UNED de Ourense.

SEOANE PÉREZ, E.; CID FDEZ, X. M.; FDEZ GLEZ, M. R. e DAPÍA CONDE, M. D.(1997):**Educación de adultos y Educación Social: De la formación universitaria al ejercicio profesional.** Comunicaciónó I Congreso Educación y Desarrollo: Nuevas Tendencias, Santa Cruz de Tenerife.

SEOANE PÉREZ, E. (Direct.) (2010):**Educando en dereitos desde a cidade. Os dereitos das nenas e dos nenos.**Edit. Concello de Ferrol, Concellería de Educación, Ferrol.

TRILLA, J. (1993): **La educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social.** Ariel S. A., Barcelona.

UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS (1992): **Sociología de la vejez.** Queimada, Madrid.

UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (1988): **Jornadas de Educación Permanente.** Centro Asociado UNED Asturias.

_ (1990): **La Educación Permanente. Perspectivas a nivel nacional e internacional.** Centro Asociado UNED Asturias.

VELÁZQUEZ, M. e LOSCERTALES, F.(1987): **Escuela De Padres.** Edic. Alfar, Sevilla.

VEGA, J. L. e BUENO, B. (1995): **Desarrollo adulto y envejecimiento.** Síntesis, Madrid.

VILADOT, G. (1988): **La educación de adultos: reflexiones para una práctica.** Laia, Barcelona.

VILLALTA, M. e outros (1987): **Los padres en la escuela.** Laia, Barcelona.

XUNTA DE GALICIA (1994): **Educación de Adultos nunha sociedade en transformación.** Xunta de Galicia, Santiago.

_ (1997): **La educación de las personas adultas en la Comunidad Autónoma de Galicia: Análisis de la situación actual**. Documento multicopiado.

**Outros recursos.**

**http:// FAEA. Federación de Asociacións de Educación de persoas Adultas**

http://www.feup.orghttp://www.edu.xunta.es/eduga/EDUGA

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Programas de animación sociocultural/O05G130V01503
Educación e animación sociolaboral/O05G130V01701

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo/O05G130V01202
Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento/O05G130V01102

### Outros comentarios

Esta guía docente recolle as liñas de actuación a desenvolver co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade, podendo estar suxeita a algunha modificación e reaxuste puntual